
IMAGINA ATLANTICA: TERRITORIOS
CREATIVOS INNOVADORES

**INFORME DA REUNIÓN DA
ACCION_WP3
Angoulême23_24.11.2010**


ESPACE ATLANTIQUE
Programme Transnational



European Union

European Regional
Development Fund

IMAGINA ATLANTICA: ESPAZO ATLÁNTICO, TERRITORIOS CREATIVOS INNOVADORES

ACCION WP3.1: Programa de Intercambio

Durante os días 23 e 24 de novembro celebrouse en Angoulême (Francia) a reunión de socios do proxecto IMAGINA ATLANTICA para establecer as liñas a seguir nas accións de Programa de Intercambio (en adiante WP3) e Valorización do Patrimonio (en adiante WP4).

O presente informe refírese unicamente as accións adscritas a WP3- Programa de Intercambio onde a DX Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia levou como obxectivo posibilitar, a mozos profesionais, a realización de prácticas no exterior.

Os socios asistentes ao encontro de Angoulême foron:

- Grand Angoulême (anfitrión)
- Technium Cast
- Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Xunta de Galicia
- Deputación de Ourense
- Eixo Atlántico
- Fundação da Juventude
- Amnyos Consultants

As reunións e Seminarios celebrados tiveron lugar de forma paralela e o encontro dividiuse da seguinte maneira:

- Seminarios do Grupo para a Revalorización do Patrimonio (WP4)
- Seminarios do Grupo Programas de Intercambio (WP3)
- Visitas a distintas Institucións, Escolas e museos
- Reunión Final do Comité Directivo

- I. Na **primeira xornada de traballo** do grupo WP3, os distintos membros do proxecto con acción a desenvolver no eido do grupo de traballo WP3 fixeron unha presentación das súas propostas e obxectivos que queren acadar desde programa de intercambio.

TECHNIUM CAST representado por Emrys Williams (*Coleg Menai*), Kevin Owen (*Arts Council Wales*) y Eben Muse (*Bangor University*), presentaron como proposta para o programa de intercambio a posibilidade de, tanto, enviar como recibir estudantes durante un curso académico.

GRAN ANGOULÊME representado por diferentes responsables de Centros educativos e empresas. Amosaron os seus obxectivos e as súas necesidades respecto os perfís das persoas que participen no programa de intercambio.

FUNDAÇÃO DA JUVENTUDE representada por Ariana Magalhaes (*Chef de projet Imagina Atlantica*), expresou que o seu propósito era o de posibilitar o intercambio de estudantes cos outros socios, como tamén, posibilitar a realización de prácticas no exterior dos estudantes que se veñen de titular.

DEPUTACION DE OURENSE representado por un xefe de Servizo de Fomento de Emprego, Igualdade e Asuntos Sociais. Amosou a súa intención de dar saída a todas las solicitudes de mozos, do seu territorio, que buscan a posibilidade da realización de prácticas no exterior. A duración desexada dos intercambios puntualizaron que non podería ser menor de tres meses.

XUNTA DE GALICIA representada por dous expertos en programas de intercambio europeo. Expresaron, que o propósito que a Xunta de Galicia quere acadar neste proxecto. Non é outro que o de dar a oportunidade a persoas xa diplomadas ou licenciadas, con ou sen experiencia profesional, de levar a cabo prácticas profesionais en empresas do sector das NNTT. Indicaron que os intercambios terían 1 mes de duración e que o número de participantes sería de 10.

- II. Na **segunda xornada de traballo** do grupo WP3, os socios seguimos debatendo sobre os obxectivos e necesidades que cada socio quere acadar respecto o programa de intercambio. Así mesmo, o responsable da Deputación de Ourense, amosou unha plataforma web na que teñen rexistrados persoas demandantes de emprego no sector das novas tecnoloxías. Pero con cunha peculiaridade, ditas persoas son avaliadas.
- III. Na **terceira xornada de traballo** do grupo WP3, os participantes tivemos a oportunidade de visitar o EMCA (*Ecole des Métiers du Cinéma d'Animation*) e o EESI (*École européenne supérieure de l'image*) onde os seus directores explicáronos os diferentes graos de estudos que imparten e amosáronos o traballo final dos seus estudantes.
- IV. Na **cuarta xornada de traballo** do grupo WP3, foi o momento da reflexión final e de citarse para o seguinte seminario que tera lugar en Abril de 2011. As principais ideas que xurdiron foi a de que a través do programa de intercambio promocionárase a industria cultural como creadora de emprego, obxectivo sinalado na Comisión Europea. E a necesidade de crear sinerxías e colaboracións entre os centros formativos e as empresas. Para así, garantir a continuidade do proxecto.
- V. Na **quinta xornada de traballo** tivemos a oportunidades de visitar as seguintes entidades:
- Escola de Oficios do Cinema de Animación
 - Museo da Banda Deseñada
 - Centro Europeo de Produtos da Infancia

Na **ESCOLA DE OFICIOS DO CINEMA DE ANIMACIÓN**, fomos quen de ver como perante dous anos e dunha maneira totalmente innovadora se preparan os futuros creadores do documental de animación. Un sistema baseado no traballo autodidacta e só guiado por distintos expertos invitados cada ano para dar conferencias e seminarios aos alumnos.

Nesta escola atopamos a un alumno de Vigo que cursaba o seu primeiro ano na escola despois de rematar os seus estudos de Belas Artes e que a súa vez nos contou tódalas súas vivencias na escola ou o contento que estaba por ter a oportunidade de ser admitido neste centro de referencia europea onde se forman os mellores creadores de Francia.

No novo edificio do **MUSEO DA BANDA DESEÑADA** puidemos admirar a magnífica colección do cómic francés e estadounidense que posúen e a súa exposición cronolóxica e didáctica adaptada para tódolos públicos.

Un centro de referencia en Francia e que comparte coa Biblioteca nacional de París o ser tamén o Arquivo Nacional da Banda Deseña de Francia, feito polo que posúen tamén na súa biblioteca tódalas publicación feitas no país.

Xa por ultimo, unha das visitas mais interesantes foi ao **CENTRO EUROPEO DE PRODUTOS DA INFANCIA** onde comprobamos como este centro adscrito a Universidade de Poitiers imparte un Master de dous anos de duración único en Europa e baseado única e exclusivamente no estudos e comercialización de produtos dirixidos a infancia. Un master que no próximo ano se impartira en lingua inglesa para dar a oportunidade a alumnos de fala non francesa de participar no mesmo.

Este centro colabora nos estudos de mercado e comercialización de empresas como DANONE e NESTLE entre outros moitos e os seus alumnos (dado a especialización e fama do centro) atopan oportunidades de traballo nas mellores empresas do sector a nivel mundial.